

PROTOCOLO (CONVENIO) DE COLABORACIÓN
ENTRE A CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
(CIG) E A INTERSINDICAL- CONFEDERACIÓN
SINDICAL CATALANA (Intersindical-CSC)

A Confederación Intersindical Galega (en diante CIG) e a Intersindical-Confederación Sindical Catalana (en diante Intersindical-CSC), en base ás súas estreitas relacións e á coincidencia en moitos dos obxectivos que perseguen para a clase traballadora dos seus respectivos países, deciden celebrar o presente Protocolo (Convenio) de colaboración, baseado nos principios de solidariedade entre as dúas organizacións, e que se rexerá polos termos contidos no seguinte articulado:

Artigo 1º

As dúas centrais sindicais comprométense a cooperar nos ámbitos político-sindical, informativo, formativo, cultural e internacional, sempre con respecto á súa autonomía e tendo en conta os seus respectivos límites e estratexias coxunturais e nacionais.

Artigo 2º

A cooperación referida no artigo anterior consistirá en:

- a) Intercambio de información sobre o traballo sindical levado a cabo por cada unha das centrais sindicais, colaboración recíproca na defensa dos dereitos de Galiza a Catalunya, como, nestes intres, dúas nación sen estado, troco de experiencias e informacións sobre temas sindicais no ámbito do estado español e a nivel internacional, con coordinación previa naqueles foros nos que participen ámbalas dúas organizacións, sen cuestionar o principio de non inxerencia nos asuntos e organización interna de cada unha delas.
- b) Actuar coordinadamente e/ou en común, sempre que sexa posible, tanto a nivel dos respectivos órganos de representación nacional como involucrando a outras entidades externas (por exemplo, outros sindicatos, institucións públicas, institucións Internacionais, como a OIT, etc.), e revisando a execución de posibeis proxectos formativos, tanto sindicais como profesionais.
- c) Ámbalas dúas centrais comprométense a atender e asesorar, nos seus respectivos ámbitos territoriais á afiliación de cada unha delas, logo da debida identificación, cando así o demanden, por cuestión laborais que lles xurdan fóra do seu país de orixe, pero dentro do ámbito de cada unha das centrais sindicais.

Artigo 3º

Cada unha das centrais sindicais terá o dereito de, cando o xulgue necesario e oportuno, propor, por escrito, a modificación de algún ou varios artigos do presente Protocolo (Convenio), considerándose válidas ditas modificacións inmediatamente despois do acordo das dúas partes.

Artigo 4ª

- a) O contido do presente Protocolo (Convenio), obriga exclusivamente ás Confederacións que o suscriben. Aínda así, desde as Confederacións propiciárase que este acordo de colaboración se faga extensivo ás respectivas estruturas.
- b) O presente Protocolo (Convenio) de colaboración terá duración indeterminada, podendo ser denunciado por unha das partes, mediante comunicación escrita, con antelación de non menos de seis (6) meses.

Artigo 5º

Os respectivos Órganos de representación de cada unha das centrais que suscriben este Protocolo (Convenio), realizarán reunións de contacto periódicas nas que, entre os asuntos de interés aos que se fai referencia no mesmo, tamén se fará una avaliación sobre o seu nivel de cumprimento. A periodicidade das reunións será a decisión das dúas partes, tratando de facer, cando menos, unha reunión anual, e no lugar acordado.

Artigo 6º


As iniciativas e accións levadas a cabo dentro de este Protocolo (Convenio) serán analizadas polos respectivos organismos e coordinadas polos Departamentos de Relacións Internacionais de cada unha das Centrais Sindicais.

Artigo 7º

Este Protocolo (Convenio) entrará en vigor a partir da data da súa asinatura, e será debidamente publicitado nas estruturas internas de cada unha das centrais.

Santiago de Compostela, a 18 de decembro de 2019

Asdo:



Pola CIG

Secretario Xeral

Paulo Carril Vázquez



Pola Intersindical-CSC

Secretario Xeral

Carles Sastre Benlliure

**PROTOCOL (ACORD) DE COL·LABORACIÓ ENTRE LA CONFEDERACIÓ
INTERSINDICAL DE GALICIA (CIG) I LA INTERSINDICAL-
CONFEDERACIÓ SINDICAL CATALANA (INTERSINDICAL-CSC)**

La Confederació Intersindical Gallega (en endavant CIG) i la Intersindical – Confederació Sindical Catalana (en endavant Intersindical-CSC), basant-nos en l'estreta relació i coincidència en molts dels objectius que volem assolir per a la classe treballadora dels respectius països, decidim dur a terme aquest Protocol (Acord) de col·laboració, basat en els principis de solidaritat entre les dues organitzacions i que es regirà pels termes continguts en els articles següents:


Article 1

Tots dos sindicats ens comprometem a cooperar en els àmbits polític, sindical, informatiu, educatiu, cultural i internacional, sempre respectant l'autonomia de cadascún i tenint en compte els respectius límits i estratègies nacionals.

Article 2

La cooperació a què es refereix l'article anterior consistirà en:

- a) Intercanvi d'informació sobre la tasca sindical que duem a terme cadascuna de les centrals sindicals, col·laboració recíproca en la defensa dels drets de Galícia i Catalunya com a nacions sense estat, intercanvi d'experiències i informació sobre temes sindicals en el marc de l'Estat espanyol i internacionalment, amb coordinació prèvia en aquells fòrums on participem ambdues organitzacions, sense posar en dubte el principi de no interferència en els assumptes i l'organització interna de cadascuna.
- b) Actuar de manera coordinada i / o conjunta, sempre que sigui possible, tant a nivel dels respectius òrgans de representació nacional com mitjançant la participació d'altres entitats externes (per exemple, altres sindicats, institucions públiques, institucions internacionals, com l'OIT, etc.) i revisant la implementació de possibles projectes formatius, tant sindicals com professionals.



- c) Les dues centrals ens comprometem a atendre i assessorar a l'afiliació, en els seus respectius àmbits territorials, després de la identificació adequada, quan se sol·liciti, quan per qüestions laborals es desplacin fora del seu país d'origen, però dins l'àmbit d'abast. de cadascuna de les centrals sindicals.

Article 3

Cadascun dels sindicats tindrem el dret, quan ho considerem necessari i oportú, de proposar, per escrit, la modificació d'un o més articles d'aquest Protocol (Conveni), considerant-se vàlids immediatament després de l'acord de les dues parts.

Article 4


- a) El contingut d'aquest Protocol (Conveni), obliga exclusivament les Confederacions que el signem. Tot i així, des de les Confederacions, aquest acord de col·laboració s'estendrà a les estructures respectives
- b) Aquest Protocol (Coveni) de Col·laboració tindrà una durada indefinida, que pot ser denunciada per una de les parts, mitjançant comunicació per escrit, amb una antelació de no menys de sis (6) mesos.

Article 5

Els respectius òrgans de representació de cadascun dels centres subscrits al present Protocol (Conveni) mantindrem reunions de contacte periòdiques on, entre els temes d'interès que s'hi fan referència, també es farà una valoració sobre el nivell de compliment. La regularitat de les reunions serà de mutu acord, intentant fer almenys una reunió anual i en una lloc acordat.

Article 6

Les iniciatives i accions dutes a terme en aquest protocol (conveni) seran analitzades pels respectius organismes i coordinades pels departaments de Relacions Internacionals de cadascun dels sindicats.




Article 7

Aquest Protocol (Conveni) entrarà en vigor a partir de la data de la seva signatura i es publicitarà degudament a les estructures internes de cadascuna de les centrals.

Santiago de Compostela, 18 de desembre de 2019


Signat:



Per la CIG

Secretari General

Paulo Carril Vázquez



Per la Intersindical-CSC

Secretari General

Carles Sastre Benlliure

